

Lembra

Segundo o lugar que ocupa a sílaba que contén a **vogal tónica**, as palabras clasifícanse en:

- **agudas**, que levan a vogal tónica na última sílaba (*canta*);
- **graves**, na penúltima (*xente*);
- **esdrúxulas**, na antepenúltima (*mágoa*);
- **sobresdrúxulas**, nunha sílaba anterior á antepenúltima (*regálallelo*).



A ACENTUACIÓN ORTOGRÁFICA

Estas son as principais regras que debes ter en conta sobre a acentuación:

- Sempre levan til:
 - As palabras agudas que acaban en vogal, -n, -s ou -ns: *café, canción, ananás, curmán.*
 - As palabras graves que non acaban en vogal, -n ou -s: *álbum, téxtil, alferez.*
 - Todas as palabras esdrúxulas ou sobresdrúxulas: *árbore, néboa, espírito.*
- O til marca un hiato cando dúas vogais aparecen xuntas pero se pronuncian en sílabas diferentes e o acento recae sobre -i ou -u (*constrúe, saída, lúa*).
- Por regra xeral, os monosílabos non levan til (*cru, san, si*).
- Os adverbios rematados en -mente nunca levan til porque son palabras graves (*últimamente, facilmente*).
- As palabras compostas acentúanse segundo as regras xerais, pero se os seus lexemas se separan cun guión, cada un conserva o seu til orixinal: *duodécimo, teórico-práctico*.
- O til diacrítico utilízase para diferenciar palabras que se escriben igual pero que teñen distinto significado. Observa o cadro seguinte:

PAIRES DIACRÍTICOS

á (a prep. + a artigo; 'ala')	a (preposición; artigo; pronome)
ás (a prep. + as artigo; 'alias')	as (artigo; pronome)
bóla ('esfera')	bola ('peza de pan')
cá (ca + a artigo)	ca (conxunción)
cás (ca + as artigo)	cas (preposición)
có (ca + o)	co (con + o)
cós (ca + os)	cos (con + os)
cómpre ('é mester')	compre (imper. de comprar)
dá(s) (verbo dar)	da(s) (de + a/as)
dó ('compaixón')	do (de + o)
é (verbo ser)	e (conxunción, letra)
fóra (adverbio)	fora (verbo ser e ir)
máis (adverbio)	mais (conxunción)
nó ('lazo')	no (en + o)
nós ('lazos'; pron. tónico)	nos (en + os, pron. átono)
óso (do corpo)	oso (animal)
pé (do corpo)	pe (letra)
póla ('rama')	pola ('galiña'; por + a)
pór (poñer)	por (preposición)
présa ('apuro')	presa ('prendida')
sé ('sede eclesiástica'; imperativo de ser)	se (conxunción; pronome)
só (adverbio, adxectivo)	so (preposición)
té ('infusión')	te (pronome; letra)
vén (presente de vir)	ven (pres. de ver, imp. de vir)
vés (presente de vir)	ves (presente de ver)
vós (pronome tónico)	vos (pronome átono)

Sabías que...?

Polo xeral, os procesadores de textos non recoñecen a intención comunicativa do emisor; por iso, se non se acentúan ben as palabras diacríticas, o ordenador non vai detectar se se escribiron erroneamente.

